


INTRODUCCIÓN DE CITAS NO NOTICARIO ORNITOXEGRÁFICO GALEGO / SGO

En primeiro lugar accedemos a páxina do noticiario <http://sig.sixtema.es/sgo/>

Catalogo GIS de Aves - Windows Internet Explorer
http://sig.sixtema.es/sgo/
Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda
Catalogo GIS de Aves
Noticario Ornitoxeográfico Galego/SGO
Sociedade Galega de Ornitoloxía Sixtema
Opcións de Filtrado
Resultados Número de resultados: 559
Noticario ornitolóxico Avistamentos por concellos Gráficas
Calidris ferruginea 17/9/2009
Concello: Ria de Foz
Comentario: 1 xuv. na ría de Foz (LU).
Observadores: Luis José Salaverri Leiras
Oenanthe oenanthe 17/9/2009
Concello: O GROVE
Comentario: 3 ex. na zona de Paxareiros e praia de Raeiros
Observadores: Pablo A. Sanmartín Santiago
Charadrius morinellus 17/9/2009
Concello: SANDIÁS
Comentario: 6 ex. nun campo arado.
Observadores: Esteban Solleiro
Calidris alba 17/9/2009
Ver máis
Avistamentos
Máis de 42 Entre 29 e 42 Entre 15 e 28 14 ou menos
Listo Internet 100%

Na parte superior do mapa aparecen varios botóns, pulsamos sobre  para engadir citas novas. E aparecerá o seguinte formulario:

Novo avistamento
Os campos de formulario indicados cun * son campos obrigatorios.
Especie *
Zona de avistamento *
Data * dd/mm/aaaa
Comentario sobre o avistamento *
Coordenadas UTM X UTM Y
Enviar avistamento
Observadores Enlaces Imaxes Documentos Videos

Os campos obrigatorios (os que teñen un *) son a especie, a zona de avistamento, a data, o comentario e os observadores.

Nos campos “Especie” e “Zona de avistamento” abrese unha lista despregable onde se podemos escoller elementos dela. Para facilitar a búsqueda nela podemos unha vez despregada, introducir as primeiras letras do elemento a seleccionar, por exemplo se estamos

a introducir a zona, no caso de Pontevedra, se pulsamos “p”, sitúase na posición do primeiro elemento que escomeza por P.

O seguinte campo é “**Data**”, só permite engadir datas no formato “dd/mm/aaaa”, por exemplo 01/02/2009. Para facilitar a introducción tamén podeades por a data neste formato pero sen introducir as barras de separación, por exemplo no anterior caso sería introducir 01022009.

O campo “**Comentario sobre o avistamento**” e obrigatorio para indicar as características da observación: nº de exemplares, idade, sexo, comportamento, lugar mais detallado de observación...

Os campos “**Coordenadas UTM**” non son obrigatorios, aínda que se poden engadir para precisar máis a situación exacta. Tamén posibilitaría unha utilización posterior aproveitando eses datos.

Na parte inferior do formulario (desprazar coa barra de desprazamento vertical) aparecen diferentes pestanas que permite introducir:

- **Observadores:** É a única obrigatoria, como mínimo ten que haber un observador, pódese escoller da lista, e en caso de non aparecer podese introducir un novo na casilla novo observador. Unha vez seleccionado ou posto ese novo observador hai que pulsar no botón **Engadir Observador**, e isto repetirase con todos os observadores. Ten a opción de borrar toda a lista se nos equivocamos, pulsando no botón **Limpar panel de observadores**.
- **Enlaces:** Permítenos engadir enlaces a unha ou varias webs.
- **Imaxes:** Para engadir imaxes dun tamaño máximo de 150 Kb.
- **Documentos:** Permite subir documentos (.doc , .pdf,...) ata un máximo de 1 Mb.
- **Videos:** Permite engadir vídeos en formato .flv de ata 2 Mb.

Unha vez rematado a introducción de todos os datos obrigatorios e os que queiramos optativos, hai que voltar a zona superior deste formulario e pulsar no botón **Enviar avistamento**. Se

todo vai ben, debería aparecer **Gardado**, e permitir introducir outro avistamento.

